

Lumieira poética

Cun sólido discurso

HÉITOR MERA

Este poemario de María do Carme Kruckenberg pasa por ser o derradeiro da súa xeira poética. Así as cousas, non é un texto no que se perciba necesariamente un exercicio da memoria ou da nostalgia.. Moi pola contra, esta “voz da auga” é unha lumieira poética que vén pechar un ciclo poético, unha travesía lírica na que aínda se sente o pulo dunha autora da categoría de Kruckenberg.

Neste avanzar policromado, a reflexión existencial, política, vital... conforma unha posibilidade semántica constante. O eu lírico das vivencias e da experiencia deixa un sólido discurso lírico. Hai que prestar moita atención ao contido, fondo e aproveitable, de quen sabe e expresa en versos finos e sutís a sabedoría adquirida.

Agora ben, non é unha poesía fría na reflexión e distanciada no exercicio intelectual. Todo canto di está envurullado nun pulo vital evidente. Os versos posúen unha paixón que nos fai percorrer estes versos-luz empalizando co eu lírico da potencia, das posibilidades presentadas a partir dunha experiencia.

É por todo isto e por máis polo que *A voz da auga* sorprende páxina a páxina, estación en estación. A palabra domada para expresar faíscas de sabedoría e vivencias que non teñen nada que ver co meramente biográfico. Dunha persoa que xa vén de moitas andainas literarias sorprende esta frescura poética. Non se aletarga. Suca, avanza, convence coa súa proposta poética.

Non poño en dúbida que sexa o último poemario de María do Carme Kruckenberg. Por iso non vou dicir que dá mágoa que sexa así, pois o seu final literario é digno e de calidade. Poderíamos pensar que estamos ante unha retirada a tempo. O malo sería prexudicar o conxunto dunha obra editando textos mediocres no epílogo da vida literaria. Parabéns a María do Carme porque ademais dunha obra moi notable ofrécenos toda unha lección de como se poderían facer as cousas.

KRUCKENBERG, M^a do Carme, A voz da auga, Ed.

Barbantesa, Cangas, 2010, PVP 12 €

